

«CONTARIA-VOS AS MUY GRANDES TORMENTAS  
QUE SOFREU O MOÇO...»



Cantigas de Santa María, 115  
A cantiga máis longa

Paloma Gutiérrez del Arroyo  
Manuel Vilas



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



# Commemoración do 800 aniversario do nacemento do rei Afonso o Sabio

14 de decembro de 2021

## Concerto

«Contaria-vos as muy grandes tormentas  
que sofreu o moço...»

Cantigas de Santa María, 115: A cantiga máis longa

Paloma Gutiérrez del Arroyo e Manuel Vilas



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

**C**XV

**E**sta é como santa maria tol  
leu ao tempo o meyo que tem a  
madre con sãna de seu marido. p  
que se celebra del dia de pascoa. 2.

**O**n seu ten. sem  
pre uen. en ajuda. connoqui  
da. te nos santa maria.

sa. poderosa. del. 7 sempre no  
gua. **O**n seu ten. sempre  
uen. en ajuda. connoqui  
**D**esto no tempo dante.

«Contaría-vos as muy grandes tormentas que sofreu o moço...»  
Cantigas de Santa María, 115: a cantiga máis longa  
Real Academia Galega, 14 de decembro de 2021


Adaptación  
Henrique Monteagudo

Imaxe de portada  
*Cantigas de Santa María*, cantiga 115, Códice Rico,  
© Patrimonio Nacional, Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial,  
Ms. T-I-1, fol. 164v

D.L.: 2146-2021  
DOI: <https://doi.org/10.32766/rag.387>

A Real Academia Galega agradece a colaboración para a elaboración deste folleto de Ricardo Pichel e da comisión organizadora do Congreso «*Contarte he maravillas...*». *Congreso internacional de estudios medievales hispánicos en honor a Joseph T. Snow* (Madrid, 25-29 de outubro de 2021).





cantiga 115, coas súas 30 estrofas, é coñecida tradicionalmente como a máis extensa do corpus marial afonsino. Nela relátase o milagre dun neno que viaxa durante varios anos buscando a salvación antes da chegada do Demo para levalo consigo, anunciada para o seu décimo quinto aniversario. O milagre gozou de certa popularidade, xa que aparece reiteradamente, con variacións, en obras anteriores e posteriores á composición desta cantiga. O *meninho* fora concibido contra a vontade da nai, forzada polo seu marido por incitación do Demo na véspera de Pascua. Ela mesma, resentida pola violación, encomendouno ao Demo, e cando este veu reclamálo, chorando inconsolablemente polo seu fillo, aconselloulle a este que visitase ao Papa, en Roma, para implorar a súa axuda. Cando por fin o *meninho* chegou a París e puido comparecer ante o Papa, que estaba alí nun concilio, recomendoulle viaxar a Oriente e entregoulle unha carta ao Patriarca daquelas terras. Ao chegar a Armenia, o *moço* –que xa non era *meninho*– reuniuse co citado Patriarca, quen, á súa volta, o redirixiu á Montaña Negra –en Antioquía–, onde seguramente un eremita podería axudarlle... Outra véspera do día de Pascua, quince anos despois da súa concepción, o rapaz atopa a ermida e o eremita... pero o prazo remataba, e será grazas á intercesión da Virxe que o mozo consiga por fin liberarse do Demo e dos seus secuaces.

Acometemos este reto buscando facer atractiva unha peza tan especial coma esta a una audiencia actual, se cadra non sempre afeita á súa linguaxe, ao



*Cantigas de Santa María*, cantiga 115, Códice Rico  
(Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, T.I.1, fol. 165r)

contido, á lonxitude da súa narración e á súa melodía estrófica. Ao tempo, tentamos ser o máis respectuosos posible co texto e a música e coas noticias sobre as prácticas da época que nos chegaron. O traballo de comprensión do texto da cantiga e da súa pronuncia realizouse baixo a dirección de Ricardo Pichel, que tamén se encargou de supervisar a edición da cantiga –baseada no *Códice Rico* e na edición de Elvira Fidalgo<sup>1</sup>–, ademais de elaborar, xunto con Paloma, a proxección das imaxes do concerto. A memorización do texto, a restitución da súa música a partir dos tres manuscritos nos que se conservou (o *Códice Rico*, o *Códice dos Músicos* e o *Códice de Toledo*) e a concepción do proxecto musical a dúo (voz e arpa) implicaron os seguintes pasos.

Convidámoste a embarcar connosco, coa axuda da versión ao galego moderno proxectada (que fixo Henrique Monteagudo) e a beleza das miniaturas coas que se iluminou e representou esta canción no *Códice Rico*, nesta aventura que, entre demos, anxos, eremitas, papas... percorre terras e mares e tempos afastados...

Paloma Gutiérrez del Arroyo  
Manuel Vilas



*Cantigas de Santa María*, cantiga 115, Códice Rico  
(Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, T.I.1, fol. 5r)

---

1 Edición crítica en *Alfonso X El Sabio (1221-1284). Las Cantigas de Santa María. Vol. 1. Códice Rico, Ms. T-I-1 de la Real Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo de El Escorial* (dir. y coord. Laura Fernández Fernández y Juan Carlos Ruiz Souza), Madrid, Testimonio Compañía Editorial (Col. Scriptorium), 2011. Agradecemos a colaboración de Enrique Jerez Cabrero, Ramón Mariño Paz e Xavier Varela Barreiro.

**Esta é como Santa María tolleu  
ao Demo o meniño que lle dera  
sa madre, con saña de seu marido  
porque concebera del día de Pascoa**

*Con seu ben  
sempre vén  
en axuda  
coñoçuda  
de nós, Santa María.*

Con axuda nos ven  
e con sa amparança  
contra o que nos ten  
no mund' en gran balança  
por tollernos o ben  
da mui nobre esperança.  
Mas vingança  
filla a Groriosa,  
poderosa  
del e sempre nos guía.

*Con seu ben...*

Desto no tempo d' ante  
achamos que fezera  
a do mui bon talante  
gran maravilla fera  
dúa moller andante  
mal, que seu fillo dera  
e posera,  
porque fora pecare,  
de o dare  
ao Dem' en bailía.

*Con seu ben...*

**Esta é como Santa María liberou  
do Demo o neniño que a súa nai  
lle dera, adocida contra o marido  
porque llo fixera o día de Pascua**

*Co seu ben  
sempre vén  
en axuda  
varuda  
por nós, Santa María.*

Con axuda nos vén  
e coa súa amparança  
contra o que nos ten  
no mundo en inquedanza  
para nos roubar o ben  
da moi nobre esperanza.  
Mais vingança  
toma a Gloriosa,  
poderosa  
sobre el, e sempre nos guía.

*Co seu ben...*

Disto, noutra era,  
achamos que fixera  
a do moi bo talante  
unha marabilla grande  
por unha infeliz muller  
que o seu fillo dera  
e dispuxera,  
—porque fora pecar—  
de o dar  
ao Demo en poder.

*Co seu ben...*

En terra de Roma ouv' i,  
com' escrit' ei achado,  
un ome, com' aprendí,  
bõ e muit' onrado  
e demais, segund' oí,  
riqu' e mui ben casado  
e amado  
de tódolos da terra,  
ca sen err' a  
sa fazenda fazía.


*Con seu ben...*

Est' ome e sa moller  
mui gran temp' estiveron  
servindo Deus volonter  
e seus fillos fezeron,  
e quant' ouveron mester  
a cada ũu deron.  
Pois poseron  
de tēer castidade  
e verdade  
entre si noit' e día.

En terra de Roma había,  
segundo escrito achei,  
un home, polo que sei,  
bo e moi honrado  
e, ademais, segundo se dicía,  
rico e moi ben casado  
e amado  
por tódolos da terra,  
pois sen erro  
os seus negocios facía.

*Co seu ben...*

Este home e a súa muller  
longo tempo estiveron  
servindo a Deus de grado  
e os seus fillos fixeron,  
e canto lle foi mester  
a cada un lle foi dado.  
Despois dispuxeron  
gardar castidade  
e verdade  
entre si noite e día.





*Con seu ben...*

Mailo Dem', a que pesou  
d'aquesto que poseran,  
muitas carreiras buscou  
pera o que fezeran  
desfazer, e tant' andou  
que o que manteveran,  
u jouveran  
cada ñu en seu leito,  
con despeito  
os meteu en folía.

*Con seu ben...*

Muit' ouv' o Demo prazer  
pois que ouve vençudo  
o om', e fezlo erger  
ben de seu leit' encendudo  
por con sa moller jazer,  
e o que prometudo  
e tēudo  
muit' era que guardass' e  
non britasse,  
el ende o partía.

*Con seu ben...*

A moller chorand' entón,  
a que muito pesava,  
lle diss' aquesta razón:  
como o Dem' andava  
por britar sa profissón,  
mas que lle consellava  
e rogava  
que o el non fezesse,  
ca soubesse  
que a Deus pesaría.

*Co seu ben...*

Pero o Demo, a quen pesaba  
aquilo que determinaran,  
mil maneiras buscaba  
para que trasacordaran,  
e tanto porfiou  
en desfacer  
o acordo de xacer  
cada un no seu leito,  
que con despeito  
os meteu en tolería.

*Co seu ben...*

O Demo gran pracer  
sentiu en vencer  
o home: fíxoo erguer  
do seu leito a arder  
por xacer coa súa muller,  
e o que prometido  
e convidado  
estaba de gardar  
e non quebrantar  
aquele foi desfacer.

*Co seu ben...*

A muller, a todo chorar,  
pois moito lle pesaba,  
quíxolle avisar  
que o Demo o tentaba  
para a súa promesa quebrar  
e que lle aconsellaba  
e rogaba  
que non o fixese  
e que soubese  
que a Deus contrariaba.

*Con seu ben...*

—Demais, festa será cras  
dessa Pascoa Santa;  
por end' en ti Satanás  
non aja forza tanta  
que o que prometud' ás  
brites, ca quen quebranta  
ou s' encanta  
a britar sa promesa  
log' en essa  
ora de Deus desvía.

*Con seu ben...*

O ome non quis per ren  
leixar seu fol deleito,  
nen catou i mal nen ben.  
Mais pois compriu o preito,  
ela con saña por én  
diz: —O que será feito  
eu endéitoo:  
d' aquí que seu seja,  
sen peleja,  
do Demo toda vía.

*Con seu ben...*

Logo bées dessa vez  
a moller foi encinta  
dun meniño que pois fez  
con pesar, sen enfinta,  
porque o mui máis ca pez  
negro nen que a tinta,  
del non quinta,  
mas todo o meniño  
fremosiño  
depois aver devía.

*Co seu ben...*

“Ademais, mañá  
festa da Pascua será;  
que sobre ti Satanás  
no teña forza tanta,  
e non quebrarás  
o prometido, pois quen quebranta  
ou se embelesa  
por romper a súa promesa  
con esa tolería  
de Deus se desvía”.

*Co seu ben...*

O home non quixo por nada  
renunciar ao seu deleite louco,  
e non reparou nin moito nin pouco.  
Despois da cousa acabada,  
ela, toda enrabecheda,  
vai e di: “O que de hoxe virá  
todo será  
—déixoo en comenda  
sen contenda—  
para o Demo, que o fenda”.

*Co seu ben...*

Daquilo aconteceu  
que a muller quedou encinta  
dun neniño que a luz deu  
con pesar, pois teme  
que máis negro saíse ca pez  
ou ca tinta;  
pero en troques naceu  
un neniño  
feituquiño  
que a nai quixo de vez.

*Con seu ben...*

Onde depois, sen mentir,  
o Demo, de mal chëo,  
aos doz' anos pedir  
aquele meniño vëo  
a sa madre, sen falir,  
e diss': —Ao quinceo  
en meu sëo  
o levarei, sen falla,  
sen baralla  
d' outre e sen porfía.

*Con seu ben...*

A madre, con gran pesar  
e con mui gran quebranto,  
começou log' a chorar  
por seu fill' e fez chanto;  
e pois fézeo chamar  
e díssell' entón tanto:  
—Ao santo  
Papa que é en Roma  
vai, e toma  
aver por ena vía,

*Con seu ben...*

ca d' atanto sôo fis  
que te porrá consello  
en teu mal, par San Denís!  
E o moç' en trebello  
non o teve. Por París  
foi e pois, no concello,  
no vermello  
pano coñoceu logo  
no meog' o  
Papa da crezezía.

*Co seu ben...*

Así que, despois, sen fallar,  
o Demo, cheo de veneno,  
aos doce anos a reclamar  
veu o neno  
á súa nai  
e dixo: “No ano quinceno  
no meu seo  
o levarei sen falla,  
sen baralla  
e sen porfiar”.

*Co seu ben...*

A nai, con gran pesar  
e con moi gran quebranto,  
botouse logo a chorar  
polo fillo con forte pranto,  
e despois mandouno chamar  
e díxolle entre tanto:  
“Ao santo  
Papa que está en Roma  
vai, e toma  
cartos para viaxar,

*Co seu ben...*

pois certa estou  
de que che dará consello  
para o teu mal, por San Denís!”  
E o mozo en serio o tomou.  
Por París  
foi despois, e no concello  
polo manto vermello  
recoñeceu decontado  
no medio e medio sentado  
o Papa da clerezía.

*Con seu ben...*

E tan toste que o viu,  
a ele mantenede  
foi e ben lle descubriu  
seu feito, que niente  
del non leixou nen mentiu.  
Maislo Papa Cremenente  
certamente  
lle disse essa ora:  
—Sen demora  
te vai pera Suria,

*Con seu ben...*


ca un sant' om' i está  
que end' é patriarca  
daquela terra e á  
en pode-la comarca,  
e consello te dará  
bõo, se Deus me parca.  
Busc' a barca  
e vai tost', e non chores  
nen demores,  
e faz ta romaría.

*Co seu ben...*

Así que o viu,  
a el prontamente  
se achegou e lle contou  
o seu caso, e nada agochou  
nin mentiu.  
O Papa Cremenente  
na hora lle falou  
certamente:  
“Sen demora  
para Siria vai,

*Co seu ben...*

un home santo alí hai  
que é patriarca  
daquela terra e abarca  
o seu poder a comarca,  
e ben che aconsellará.  
Vai con Deus, colle unha barca  
e parte xa,  
e non chores  
nin demores,  
a túa romaxe alá”.



*Con seu ben...*

Contaríavos de dur  
as mui grandes tormentas  
que sofreu no mar de Sur  
o moço, ca trezentas  
millas correu sen nenllur  
folgar, ou quatrocentas  
ou quiñentas,  
sen áncora deitaren  
nen chegaren  
a terra d' Armenia.

*Con seu ben...*

E per com' aprendí eu,  
o moço mui' agiña  
chegou a el e lle deu  
a carta que tiña,  
e díssell': —Ai, señor meu,  
pola Santa Reíña,  
meeziña  
na mía coita pon cedo.  
—E con medo  
seu mal lle descubría.

*Con seu ben...*

O patriarca sen al  
lle disse: —Sei que andas  
con mui gran coita mortal,  
mais desto que demandas  
un ermitán sei atal  
que vestiduras blandas  
nen viandas  
non usa terréaes,  
senón taes  
como llas Deus envía.

*Co seu ben...*

Mal vos podería contar  
as moi grandes tormentas  
que aquel mozo no mar  
de Siria sufriu, pois trescentas  
millas navegou sen folgar,  
ou catrocentas  
ou cincocentas,  
sen a áncora botaren  
ata chegaren  
á terra de Armenia.

*Co seu ben...*

E, segundo aprendín,  
o mozo moi axiña  
chegou a aquel, e din  
que lle deu a carta que tiña,  
e díxolle: “Ai, meu señor,  
pola Santa Raíña,  
unha solución  
á miña coita pon”.  
E, cheo de pavor,  
o seu mal lle relatou.

*Co seu ben...*

O patriarca díxolle xangal:  
“Ben vexo que andas  
con moi gran coita mortal;  
e para isto que demandas  
un ermitán seiche eu tal  
que vestiduras brandas  
nin viandas  
usa terreais,  
senón só as celestiais  
que Deus lle manda.

*Con seu ben...*

E achalo ás, ben sei,  
ena Negra Montaña;  
mas atanto te direi  
que non leves compañía,  
ca, per com' eu apres' ei,  
non a quer, e sa maña  
é estraña  
dout' ome, e sa vida  
mui cumprida,  
soo, sen compañía.

*Con seu ben...*

O camiñ' entón colleu  
o moç' e gran jornada  
pois cada día predeu  
que nunca folgou nada,  
ata que ll' apareceu  
a ermida sagrada  
u morada  
daquel religioso  
omildoso  
era, que Deus servía.

*Con seu ben...*

O moç' ouve gran sabor  
pois entrou na capela,  
mas do ermitán maior  
que viu dentr' en sa cela,  
u ll' entón Nostro Señor  
deu en un' escudela  
grand' e bela  
dous pães ben do ceo  
so un veo  
que a toda cobría.

*Co seu ben...*

E atoparalo, escoitei,  
na Negra Montaña;  
pero aínda máis che direi:  
que non leves compañía,  
pois, polo que sei,  
non a quere, e a súa maña  
estraña  
a calquera; a súa vida  
foi cumprida,  
só, sen compañía”.

*Co seu ben...*

O mozo entón tomou  
o camiño, e longa xornada  
cada día andou  
que nunca folgou,  
ata que chegou  
á ermida sagrada  
que era a morada  
daquel relixioso  
humildoso,  
que a Deus servía.

*Co seu ben...*

O mozo con gran sabor  
entrou naquela capela,  
pois o ermitán maior  
viu dentro da súa cela  
onde Noso Señor  
lle daba nunha escudela  
grande e bela  
dous pans do ceo  
baixo un veo  
que toda a cubría.

*Con seu ben...*

E o ángeo de Deus  
do ceo da altura  
deceu ontr' os servos seus  
en mui bela figura,  
e diss': —Ai, amigos meus,  
porque vossa natura  
non endura  
muito fame nen sede,  
dous tēede  
pães. —E logo s' ía.

*Con seu ben...*

Pois comeron daquel pan,  
o moço sa fazenda  
contou ao ermitán,  
chorando sen contenda.  
El diss': —Á do bon talán  
roga que te defenda  
e comprenda  
o Demo, e o dome  
que non tome  
a ti com' el querría.

*Con seu ben...*

*Co seu ben...*

E o anxo de Deus  
do ceo na altura  
baixou entre os servos seus  
en moi linda figura,  
e dixo: “Ai, amigos meus,  
pois que vosa natura  
non atura  
moita fame nin sede,  
estes dous pans vós tede”,  
e despois desapareceu.

*Co seu ben...*

Logo de comer o pan,  
o mozo a súa historia  
contou ao ermitán,  
chorando a doután.  
Díxolle este: “Á de gloria  
e bo talán roga que te defenda  
e que contenda  
co Demo, e que o dome  
para que non te tome  
como el pretenda.

*Co seu ben...*



Ela seja teu solaz  
até ena mañáa,  
que direi eu, se lle praz,  
missa pela luz chãa,  
e comungart' ei en paz  
e a ta alma sãa  
e certãa  
será de paraíso,  
u á riso  
sempre e alegría.

*Con seu ben...*

O ermitán ant' a luz  
as oras foi dizendo  
daquel que morreu na cruz  
por nós, pëas sofrendo.  
O meniñ' entón ll' aduz  
seus libros mui correndo,  
e tremendo  
disse: —Missa dizede  
e valédeme,  
ca tempo sería.

*Con seu ben...*

De Pascoa no mes d' abril  
a missa começaron,  
mailo Demo, mui sutil,  
el e os seus andaron  
tant' arredor do covil  
que o moço fillaron  
e levaron  
da missa na segreda  
que, mui queda,  
o ermitán dizia.

*Con seu ben...*

Ela sexa o teu solaz  
ata a alba de mañá,  
que direi eu missa, se a ela praz,  
cando a luz estea aberta,  
e comulgarás en paz  
e a túa alma sa  
e certa  
será do Paraíso,  
onde sempre gozará  
con alegría e riso”.

*Co seu ben...*

O ermitán antes da luz  
as horas foi dicindo  
do que morreu na cruz  
por nós, penas sufrindo.  
O meniño entón levou  
os seus libros correndo,  
e tremendo  
dixo: “Misa dicide,  
e a min acudide  
que a hora chegou”.

*Co seu ben...*

A missa do mes de abril  
de Pascua comezaron,  
mais o Demo, moi sutil,  
el e os seus andaron  
tanto arredor do cubil  
que o mozo agarraron  
e apartaron  
da missa na segreda,  
que, moi queda,  
o ermitán dicía.

*Co seu ben...*



Com' a estoria diz,  
u diabres levavan  
o moço' e como perdez  
assí o depenavan,  
viron a Emperadriz  
do ceo, que dultavan,  
e leixavan  
o moço e fogían,  
ca sabían  
que llo non leixaría.

*Con seu ben...*

Pois que tolleu o donzel  
a Virgen, com' oístes,  
ao Dem' e seu tropel  
fezo fugir mui tristes;  
mailo ermitán fiel  
diss': —Ai, Deus, consentistes  
ou dormistes  
u mi o moço prenderon  
e tollerón  
que ante mí síía?

*Con seu ben...*

Como ome que se dol,  
chorand' e non riindo,  
o ermitán come fol  
s' ouv' a tornar pedindo  
o moço, e en sa prol  
estando comedindo,  
foi oíndo,  
u a paz acabara,  
que ll' en crara  
voz «Amén» respondía.

*Con seu ben...*

Segundo conta a historia,  
cando os demos levaban  
o mozo, e coma a unha perdez  
alí esfolaban,  
viron a Emperatriz  
da gloria,  
e lixeiros ceibarón  
o mozo e liscaron,  
pois ben sabían  
que levalo non poderían.

*Co seu ben...*

Cando ceibou o doncel  
a Virxe, como oístes,  
o Demo e o seu tropel  
fixo fuxir moi tristes;  
pero o ermitán fiel  
dixo: «Ai, Deus! Como consentistes  
ou durmistes  
cando o mozo agarraron  
e os demos levaron  
cando estaba ante min?».

*Co seu ben...*

Como home a se laiar,  
saloucando, que non rindo,  
o ermitán moito bulindo  
todo se volveu a orar  
polo mozo, e no seu ben  
comedindo,  
foi oíndo,  
cando acabou a paz de dar,  
que con voz clara  
«Amén» lle contestara.

*Co seu ben...*

O ermitán entón pres  
o moço pela mão  
que a Reiña cortés  
lle dera liv' e são,  
e díssell': —Amigo, ves?  
Eu te faço certáo,  
ben de cháo,  
que des oimais es quito  
do maldito  
Demo que te seguía.

*Con seu ben  
sempre vén  
en ajuda  
coñoçuda  
de nós, Santa María.*

Colleu logo o ermitán  
o mociño pola man  
que a Raíña cortés  
lle dera libre e san,  
e díxolle: “Amigo, ves?  
Podes ter ti por certo,  
e sen volta nin revés,  
que desde hoxe libre es  
do maldito e esperto  
Demo que te perseguía”.

*Co seu ben  
sempre vén  
en axuda  
varuda  
por nós, Santa María.*







# REAL ACADEMIA GALEGA



XUNTA  
DE GALICIA

